

Declaración dos presidentes das Asembleas Rexionais Lexislativas Europeas

Presentada na Conferencia común de Salzburgo, o 7 de outubro de 1998

Os presidentes das Asembleas Rexionais Lexislativas Europeas afirman, no interese das asembleas representadas, a súa vontade de cooperaren máis estreitamente, expresada xa na Conferencia de Oviedo. Por esta razón, insístese na necesidade de celebrar reunións con regularidade.

No marco das reformas institucionais proxectadas da UE e consideradas como necesarias, considérase de interese común respectar, cando menos, os seguintes puntos:

As rexións deben poder defender directamente as súas competencias lexislativas no marco do principio de subsidiariedade.

O principio de subsidiariedade foi considerado por primeira vez pola UE no Tratado de Maastricht. Desde aquela, a Comunidade preocúpase de ampliálo de xeito que se converta nun principio operable. Dado que a subsidiariedade debe protexer en primeiro lugar a competencia da unidade inferior dunha intervención incontrolada por parte de instancias superiores, as corporacións estatais inferiores ao nivel nacional, nas competencias das cales a UE pode interferir, deben ter acceso directo ao Tribunal de Xustiza Europeo, se é que a subsidiariedade ha de ser eficaz.

Por esta razón, os presidentes consideran necesario que a ampliación do principio de subsidiariedade, explicitamente introducido no Tratado de Maastricht, garanta que as rexións poidan defender as súas competencias fronte á UE, no marco do principio mencionado. Neste senso, avógase polo dereito propio de lexitimación procesual das rexións ante o Tribunal de Xustiza Europeo, para controlar desta maneira o cumprimento do principio de subsidiariedade e para protexerse da intrusión nas súas competencias por parte da Unión Europea.

O establecemento dunha listaxe de competencias explícito da UE é importante para as rexións.

Unha parte considerable da ampliación das competencias da UE non procede dunha fixación explícita nos tratados da UE, senón da práctica dos órganos da UE. Tales ampliacións de competencias incumben tanto os países membro como as súas rexións.

Pero mentres que os países membro dispoñen neste caso dun dereito de intervención directo nos órganos da UE, as rexións son limitadas a cooperar a nivel nacional. Por esta razón, os presidentes consideran necesaria a delimitación exacta das competencias en tratados entre a UE, os seus países membro e as súas rexións. Para este fin é necesaria a introdución dunha

listaxe de competencias no Tratado. O cumprimento das competencias outorgadas á UE debe someterse estritamente ao principio de subsidiariedade.

O rexionalismo e o federalismo son irremplazables e figuran actualmente como complementos cada vez máis importantes da democracia, cuxo potencial de lexitimación é indispensable para a UE.

O rexionalismo, cuxa expresión máis forte é o federalismo, representa unha ampliación da democracia, unha forma suplementaria de garantir a liberdade e manter a pluralidade, tanto como de asegurar a codeterminación política relativamente eficaz por parte dos cidadáns. Estas funcións gañan importancia cando cada vez máis funcións son outorgadas á UE, alén do nivel nacional, e en cuxo cumprimento os cidadáns teñen posibilidades moi reducidas de participación.

Desde o Tratado de Maastricht inténtase, reforzando o papel das Asembleas Europeas, ter en consideración esta circunstancia, frecuentemente definida como déficit democrático.

Pero as máis mínimas tradicións diversas –históricas, culturais e políticas– limitan a aceptación de decisións parlamentarias a nivel europeo, por parte dos cidadáns. Desde o punto de vista dos cidadáns transmítese xeralmente unha maior lexitimidade política se o nivel decisivo ou codecisivo se sitúa máis próximo ao cidadán. Xa que logo, teñen de permanecer marxes de acción propia nas rexións, nas cales se dispón de poder lexislativo nas asembleas. Ademais, as Asembleas Rexionais deben participar de xeito máis determinado na cooperación parlamentaria europea, particularmente en ámbitos onde a competencia comunitaria e a súa práctica interfieren nas competencias lexislativas europeas das rexións. Por esta razón, debe fomentarse a cooperación entre o Parlamento Europeo e as Asembleas Rexionais. No entanto, unha cooperación así supón que as rexións, na súa función de institución lexislativa máis próxima ao cidadán, dispoñan da posibilidade de interferir na política da UE. En consecuencia, os presidentes consideran necesario –sen detrimento dos dereitos do Comité das Rexións– reforzar a cooperación entre o Parlamento Europeo e as Asembleas Rexionais. Non obstante, un reforzamento tal supón que a UE admita as Asembleas Rexionais e a súa incorporación en formas existentes de cooperación parlamentaria europea, como por exemplo a COSAC.

Salzburgo, o 7 de outubro de 1998